

VI REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO  
FASE FINAL  
2 XUÑO 2 006

(Coloca aquí unha  
etiqueta identificativa)

ACTIVIDADE Nº 1  
"O farmacéutico"

A Amparo da Cachada o médico de cabeceira díxolle que debía ir ó reumatólogo por culpa da dor tan grande que tiña nas costas. Despois de mirala, o médico deulle unha receita cos seguintes medicamentos:

- 1) *Gelocatil cápsulas*: 2 comprimidos diarios durante 7 días.
- 2) *Inacid retard de 125 mg* en supositorios: 1 ó deitarse durante 7 días.
- 3) *Prednisona 20 mg*: 1 pastilla ó almorzo, xantar e cea, durante 15 días.



Foi buscar as medicinas á farmacia e trouxo:

- 1 caixa de *Gelocatil* de 10 comprimidos.
- 1 caixa de *Inacid* de 20 supositorios.
- 3 caixas de *Prednisona* de 12 comprimidos cada caixa.

¿Pode completar Amparo o tratamento que lle puxo o médico con cada un dos medicamentos que mercou hoxe?


VI REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO  
FASE FINAL  
2 XUÑO 2 006

(Coloca aquí unha  
etiqueta identificativa)

ACTIVIDADE Nº 2  
"A través do espello"

Debedes determinar, debuxando unha liña a trazos sobre cada cadrado da esquerda, o lugar exacto no que hai que colocar un espello para obter unha figura idéntica á que aparece á dereita.



Marca con flechas cara a onde reflexa o espello como se ve no exemplo.



Tamén debedes determinar cal é a medida do perímetro e da superficie de cada figura da dereita (facede os cálculos e razoamentos na parte posterior da folla).



**VI REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO**  
**FASE FINAL**  
**2 XUÑO 2 006**

(Coloca aquí unha etiqueta identificativa)





*Perímetro =*

*Área =*



*Perímetro =*

*Área =*



*Perímetro =*

*Área =*

VI REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO  
FASE FINAL  
2 XUÑO 2 006


(Coloca aquí unha  
etiqueta identificativa)

ACTIVIDADE Nº 3  
" Unha noite de inverno ..."

Unha das moitas noites de inverno, mentres os maiores xogaban á brisca, os máis pequenos estaban pasmadiños cos contos e coas adiviñas e problemáticas que lles propoñía o tío Ambrosio, home solteiro e irmán da avoa.

Un día o tío Ambrosio díxolles: "A ver se podedes dividir este anaco de papel en catro partes igualiñas".

Moitas voltas lle deron ...



VI REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO  
FASE FINAL  
2 XUÑO 2 006


(Coloca aquí unha  
etiqueta identificativa)

ACTIVIDADE Nº 4  
" O xogo de Marisa"

Sempre co xogo na man. A tía Aurelia tróuxolle a Marisa un xogo que era coma unha caixiña cuns camiños polos que ían tres boliñas. Mercoullo nun comercio da Coruña que se chamaba a Arca de Noé. Todos querían xogar con el, pero Marisa non o soltaba.


Un día que se quedou na cama coas papeiras xogaron ela e máis Carmela a ver por cantos camiños distintos podían ir as boliñas desde A ata B.

¿Sabes ti por cantos camiños distintos pode ir calquera das boliñas sen pasar dúas veces polo mesmo tramo?




VI REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO  
FASE FINAL  
2 XUÑO 2 006

(Coloca aquí unha  
etiqueta identificativa)



VI REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO  
FASE FINAL  
2 XUÑO 2 006


(Coloca aquí unha  
etiqueta identificativa)



VI REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO  
FASE FINAL  
2 XUÑO 2 006

(Coloca aquí unha etiqueta identificativa)

ACTIVIDADE Nº 5  
" As tres campás "



Na Cidade Vella de A Coruña hai tres interesantes igrexias:

- Santa María do Campo
- Santo Domingo
- Santiago

Puidera ser que a campá de Santa María soara cada hora e media, a de Santo Domingo cada tres cuartos de hora e a de Santiago cada 15 minutos.

Como tamén os veciños teñen que durmir, nunca soan antes das sete da mañá nin despois das dez da noite.

Se coinciden soando as sete da mañá, ¿cantas veces volverán a coincidir antes de deixar de soar?

¿Cantas veces soará cada unha delas?




VI REBUMBIO MATEMÁTICO GALEGO  
FASE FINAL  
2 XUÑO 2 006

(Coloca aquí unha etiqueta  
identificativa)

ACTIVIDADE Nº 6  
"Marcos máxicos"

Elena estaba enredando coas fichas dun dominó; colleu catro fichas e fixo un marco coma o que se mostra na seguinte figura. De pronto, decatouse de que o deseño que acababa de facer era un tanto especial: os puntos que formaban cada un dos catro lados do marco sumaban todos o mesmo número.



¿Podedes construír vós, coas fichas do dominó que vos damos, outros marcos (cadrados ou non) que teñan a mesma propiedade que o marco de Elena (é dicir, que todos os lados teñan o mesmo número de puntos)? Debuxade todas as solucións que atopedes.